

## ANEXO 1. CRITERIOS DE ENTRADA NA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Para a delimitación dos/das nenos/as con trastornos do desenvolvemento ou situacións de vulnerabilidade evolutiva que deben acceder aos servizos de Atención Temperá utilizaranse os seguintes criterios:

**a) O/a neno/a presenta unha condición diagnóstica con alta probabilidade de desenvolver un trastorno ou atraso no desenvolvemento:**

- Cromosomopatías (trisomías, delecións, duplicacións, translocacións, inversións...)
- Outras síndromes (X Fráxil, Angelman, Cornelia de Lange, Smith Lemli Opitz, Williams, CHARGE, osteoxenése imperfecta, acondroplasia...)
- Trastornos innatos do metabolismo (síndrome de Hurler, de Hunter, I-Cell, Tay Sachs, Lesch-Nyhan...)
- Prematuridade (< 28 s xestación) ou baixo peso (<1.000 gr) extremos
- Dano cerebral adquirido por TCE, infeccións, tumores ou exposición a tóxicos (síndrome feto-alcohol)
- HIV grao III-IV
- Anomalías conxénitas do cerebro (holoprosencefalia, lisencefalia, microcefalia...)
- Parálise cerebral en todas as súas formas
- Trastornos neurocutáneos (Sturge-Weber, Esclerose Tuberosa...)
- Anomalías da medula espinal (Mielomeningocele, Werdnig-Hoffman...)
- Trastornos dexenerativos ou progresivos (distrofias musculares, leucodistrofias...)
- Anomalías persistentes do tono (hipotonía, hipertonia) e da motricidade (ataxias, distonías)
- Cegueira ou deficiencia visual grave
- Xordeira ou hipoacusia profunda, severa ou moderada
- Xordocegueira
- Artrogripose múltiple conxénita
- Trastornos do espectro autista (TEA)
- Trastornos por déficit de atención e hiperactividade (TDAH)
- Trastornos persistentes da regulación (hipersensibles, temerosos, impulsivos, desorganizados, apáticos)
- Trastornos da esfera afectivo-emocional (depresión, trastorno reactivo ao vínculo, trastorno adaptativo, trastorno por ansiedade, trastorno da

expresividade emocional) con confirmación diagnóstica de saúde mental infanto-xuvenil

**b) O/a neno/a presenta unha situación de atraso ou trastorno no desenvolvemento con referencia a súa idade e condición madurativa (idade corrixida):**

- Atraso no desenvolvemento global
- Atraso no desenvolvemento da motricidade grosa e fina
- Atraso no desenvolvemento cognitivo
- Atraso no desenvolvemento da comunicación e da linguaxe
- Atraso no desenvolvemento na área social e afectiva
- Atraso no desenvolvemento adaptativo e da autonomía persoal

A situación de atraso ou trastorno deberá acreditarse, complementariamente:

- Pola falta de cumprimento dos ítems típicos da Táboa de Desenvolvemento Haizea-Llevant<sup>3</sup> á idade na que están presentes no 95 % dos/das nenos/as españois/españolas.
- Pola presenza dalgún dos ítems de alarma mencionados na citada Táboa de Desenvolvemento Haizea Llevant, validada para a poboación infantil española de 0 a 5 anos.

**c) O/a neno/a convive con situacións de estrés, de desaxuste continuado da interacción familiar ou de exclusión social con alta probabilidade de trastorno ou atraso no desenvolvemento de non mediar intervención.**

- Contorna sociofamiliar con persistencia de tendencias relacionais xeradoras de estrés: descontinuidade, rexeitamento, indiferenza, sobreprotección, ambivalencia.
- Contorna sociofamiliar con deterioración ou neglixencia nas relacións familiares e/ou ausencia de cuidadores sensibles.
- Malos tratos, explotación, relacións abusivas.
- Situacións de desamparo.
- Familia en situación de pobreza extrema e carencia de medios para cubrir necesidades básicas.
- Familia en situación de infravivenda, chabolismo, amoreamento.
- Familia en programa de educación familiar.

---

<sup>3</sup> Pode consultarse ao final deste documento

- Situacións de institucionalización residencial prolongada ou crónica.
  - Contorna familiar con situación de estrés crónico por confluencia de factores de exclusión social.
- d) O/a neno/a atópase nunha situación de vulnerabilidade evolutiva por confluencia e/ou predominio continuado e negativo de factores de risco biolóxicos, psicolóxicos e sociais sobre os correspondentes factores de protección, con alta probabilidade de que poida desenvolver un trastorno ou atraso no desenvolvemento de non mediar intervención.**